



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Métodos de avaliación de programas	Código	652G03023	
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Espiñeira Bellon, Eva Maria	Correo electrónico	eva.espineira@udc.es	
Profesorado	Espiñeira Bellon, Eva Maria	Correo electrónico	eva.espineira@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/dptos/fmide/index.php			
Descrición xeral	O proceso de intervención socioeducativa non está completo se non se inclúe nel unha perspectiva avaliativa que permita revisar criticamente o programa, o seu deseño, a súa implementación e desenvolvemento e os seus resultados. Do mesmo xeito, deben analizarse as institucións onde se realizan as intervencións obxecto do programa. A avaliación dos programas, que debe estar integrada en todo o proceso, serve para ter un coñecemento axustado da consecución dos obxectivos, tomar decisións de mellora ou cambio dentro do desenvolvemento do proxecto e informar dos resultados.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A19	Asesorar e supervisar programas, planos, proxectos e centros socioeducativos.
A21	Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Coñecer o significado do concepto de avaliación en Educación Social e seleccionar os procedementos metodolóxicos máis apropiados segundo a natureza dos problemas que se deben abordar.		A6	C6 C8
Deseñar o plan de avaliación dun programa ou dunha institucións socioeducativa, tendo en conta a natureza dos problemas, a información dispoñible, e os recursos humanos e materiais, construíndo distintos instrumentos e indicadores de avaliación.		A6 A19 A21	B6
Redactar un informe científico-técnico sobre a avaliación de programas e institucións de Educación Social.		A14	B1 B2 B6 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Perspectivas actuais da Educación Social, programas e servizos socioeducativos	- Ámbitos e perfís profesionais da Educación Social. - A planificación da intervención socioeducativa.



Investigación e avaliación de calidade	<ul style="list-style-type: none"> - A investigación na acción como metodoloxía. - O/a educador/a social como investigador/a. - A avaliación como investigación: a investigación avaliativa. - A avaliación en Educación Social e calidade.
Modelos ou perspectivas de avaliación e calidade de programas e servizos socioeducativos	<ul style="list-style-type: none"> - Modelo de intervención socioeducativa para a Educación Social. - Metodoloxía da intervención socioeducativa. - Modelos de avaliación de proxectos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	C6 C8	16.5	21	37.5
Aprendizaxe colaborativa	A6 A14 A19 A21	16.5	21	37.5
Resumo	B1 B2 B6	6	24	30
Proba mixta	A6 A19 A21	3	36	39
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.</p>
Resumo	<p>Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados. É un recurso óptimo para facilitar a comprensión do texto e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames.</p>
Proba mixta	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	A atención personalizada levarase a cabo na aula ou en titorías individuais ou en pequeno grupo, segundo as necesidades presentadas ou demandadas polo alumnado.
Sesión maxistral	A realización dunha titoría ao comezo do curso será obrigatoria para o alumnado non asistente.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación



Resumo	B1 B2 B6	Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados. É un recurso óptimo para facilitar a comprensión do texto e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames.	20
Proba mixta	A6 A19 A21	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>- Preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento, que, no caso da asistencia a aula, o alumnado desenvolverá dentro da metodoloxía de aprendizaxe colaborativa nas aulas interactivas e coas que poderá acadar anticipadamente o 40% da cualificación da materia. De non desenvolverlas na aula, as entregará na data de exame oficial fixado pola Xunta de Facultade.</p> <p>- Preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Realizaranse na data de exame oficial fixado pola Xunta de Facultade e suporá o 40% da cualificación da materia.</p>	80

Observacións avaliación

CARACTERÍSTICAS DA AVALIACIÓN:

A avaliación nesta asignatura concíbese como un proceso reflexivo onde o alumnado toma conciencia de sí mesmo e das súas metas e a docente convértese en guía que orienta de cara a acadar uns obxectivos formativos. Neste sentido, propónse unha avaliación orientada á mellora que comporta o seguinte:

- As actividades realizadas para a avaliación serán tamén útiles para a aprendizaxe.
- Propónse a proalimentación co fin de que o alumnado saiba coñecer ónde está e mellorar o seu traballo e a súa aprendizaxe.
- O alumnado implicarase na avaliación do seu traballo, tendo a autoavaliación un espazo da materia.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Na avaliación da materia, a cualificación obterase da aplicación das porcentaxes de ponderación sinaladas. A non realización ou a non obtención da puntuación mínima nalgunha das dimensións desta avaliación, suporá a non obtención da dita porcentaxe da cualificación e a conseguinte non superación da materia. Na segunda convocatoria, conservarase as cualificacións superadas na primeira, polo que o estudantado só deberá someterse aos procedementos nos que non teña obtido a puntuación mínima esixida (50% en cada caso). En terceira e sucesivas convocatorias, a avaliación deberá repetirse na súa totalidade.

NOTA: A UDC regula a matrícula de estudantes a tempo parcial, criterios que tamén serán tidos en conta polo profesorado, polo que será necesario que o alumnado con este tipo de réxime de dedicación, o informe ao profesorado e concerten a maneira na que se desenvolverá o seu proceso de ensino-aprendizaxe. Os e as estudantes non asistentes, deben porse en contacto coa docente para establecer a metodoloxía de avaliación da materia.

OUTROS CRITERIOS A TER EN CONTA:

- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.
- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- Será primordial e obrigatoria a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación) gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Azara-Fustero, M.P., & Mazo-Ferraz, A. (2012). Estudio de los instrumentos de trabajo que utilizan la educadora y el educador social en la praxis profesional. https://www.ceesaragon.com/wp-content/uploads/2017/05/ESTUDIO-CEES-2012-16enero-2.pdf. Aragón: CEES Aragón.- Castillo-Arredondo, S., & Cabrerizo-Diago, J. (2011). Evaluación de la intervención socioeducativa. Agentes, ámbitos y proyectos.. Madrid: Pearson- Cohen, E., & Franco, R. (1992). Evaluación de proyectos sociales.. Madrid: Siglo veintiuno editores.- De Miguel, M. (2000). La evaluación de programas sociales. Fundamentos y enfoques teóricos.. Revista de Investigación Educativa, 18(2), 289-317. https://revistas.um.es/rie/article/view/121011- Domínguez-Fernández, G., Lozano-Pérez, L., & Esteban-Ibáñez, M. (2007). La evaluación y la mejora de la calidad de los servicios socioeducativos como nuevo yacimiento de empleo de los educadores: evaluación, asesoría y consultoría.. Toledo: V Congreso Estatal de las Educadoras y Educadores Sociales. https://www.eduso.net/wp-content- Gómez-Serra, M. (2005-2006). Educación social y evaluación: evaluar para mejorar y transformar.. Revista de Pedagogía Social, 12-13, 163-179. http://diposit.ub.edu/dspace/bitstream/2445/65333/1/556- Matas-Terrón, A. (2019). Evaluación de programas socioeducativos.. Granada: Comares.- Perea-Arias, O.D. (2010). Guía de evaluación de programas y proyectos sociales.. Plataforma de ONG de Acción Social. https://www.plataformaong.org/recursos/195/guia-de-evaluacion-de- Stufflebeam, D.L., & Shinkfield, A.J. (1987). Evaluación sistemática. Guía teórica y práctica.. Buenos Aires: Paidós.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Métodos de investigación/652G03019

Técnicas de recollida e análise da información/652G03026

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Avaliación e diagnóstico de necesidades socioeducativas/652G03039

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías